XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

galicia

INFORME SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS AO ANTEPROXECTO DE LEI DE ORDENACIÓN FARMACÉUTICA

Período de alegacións

- O anteproxecto de lei foi publicado no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia para a súa exposición pública por espazo de 15 días hábiles, do 28.12.2017 ao 19.01.2018
- Así mesmo, este anteproxecto foi enviado individualizadamente para audiencia por un período de 15 días hábiles, ás seguintes entidades ou sectores:
    - Colexio Oficial de Farmacéuticos da Coruña
    - Colexio Oficial de Farmacéuticos de Lugo
    - Colexio Oficial de Farmacéuticos de Ourense
    - Colexio Oficial de Farmacéuticos de Pontevedra
    - Colexio Oficial de Veterinarios da Coruña
    - Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo
    - Colexio Oficial de Veterinarios de Ourense
    - Colexio Oficial de Veterinarios de Pontevedra
    - Federación de Farmacias de Galicia (FEFGA)
    - Asociación de Farmacéuticos Rurais de Galicia
    - Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)
    - Colexio Oficial de Traballo Social
    - Consellería de Medio Rural
    - Sociedad española de Farmacia Familiar y Comunitaria (SEFAC)
    - Sociedad española de Radiofarmacia
    - Sociedad española de Farmacia de Atención Primaria (SEFAP)
    - Sociedad española de Farmacia Hospitalaria (SEFAH)
    - Asociación de técnicos y auxiliares de farmacia da Coruña
    - Asociación de técnicos y auxiliares de farmacia de Lugo
    - Asociación de técnicos y auxiliares de farmacia da Ourense
    - Asociación de técnicos y auxiliares de farmacia da Pontevedra
    - Asociación de técnicos y auxiliares de farmacia de Ferrolterra

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 · Fax: 881542726
www.sergas.es

Alegacións presentadas

Segundo se recolle no certificado do 05.02.2018 da directora da Área de Modernización das Administracións Públicas da Axencia para a Modernización Tecnolóxica (Amtega), recibíronse 57 suxestións a través do Portal de Transparencia da Xunta de Galicia.

a) De particulares:

- Ramón Andrés Gutiérrez del Olmo. (29.12.2017)
- Isabel Alexandra Dubra Fernández (29.12.2017)
- Manuel A. Pérez Franco (29.12.2017)
- Carlos García Domínguez (08.01.2018)
- Mª del Carmen Goicoa Gago (10.01.2018)
- Mª del Carmen Gago Santín (10.01.2018)
- Ana Regueira Cercido (10.01.2018)
- Mónica Arroyo López. **2** alegacións (12.01.2018 e 17.01.2018)
- José Álvaro Torreira Barca (13.01.2018)
- Angel Pizarro Bejarano (13.01.2018)
- Ramón Gutiérrez. **5** alegacións (13.01.2018)
- Mª Isabel Sastre Gervás (14.01.2018)
- Marta Mª Freire Hermida. (14.01.2018)
- Francisco José Fernández Pérez
- José Alberto García Gonzalez (16.01.2018)
- Marina González Paz. **2** alegacións (16.01.2018)
- Juan Carlos Riveira Blanco (16.01.2018)
- Manuel Angel Pérez Franco (16.01.2018)
- Rubén Queimaño Costas. **2** alegacións (17.01.2018)
- Miriam Barreiro Juncal (18.01.2018)
- Pablo García Vivanco (18.01.2018)
- Mª Dolores Prieto Nieto. **2** alegacións (18.01.2018 e 19.01.2018)
- Santiago Torres Torres Lavandeira (18.01.2018)
- José Angel González González (18.01.2018)
- Jorge Barros, Alberto Cepeda e Dolores Vázquez. (18.01.2018)
- Begoña Fereiro Vázquez (18.01.2018)
- Noemí Ferreiro Vázquez (18.01.2018)

- José Santaló Riós (19.01.2018)
- Isabel Rey Gómez-Serranillos (19.01.2018)
- Rocío Mera Gallego (19.01.2018)
- Nuria Iglesias Álvarez (19.01.2018)
- José Manuel Iglesias Moreno (19.01.2018)
- Mónica García Reboredo (19.01.2018)
- Teodomiro Hidalgo Sotelo. **2** alegacións (19.01.2018)
- Inés Mera Gallego (19.01.2018)
- Iván Suárez Bustelo (19.01.2018)
- Aurea Miguez de Francisco (19.01.2018)

b) De colexios, sociedades ou asociacións:

- Asociación galega de farmacéuticos adxuntos (ASGAFA). **2** (3 e 19.01.2018)
- Confederación empresarial veterinaria de España (CEVE) (18.01.2018)
- Colexio Oficial de Farmacéuticos da Coruña. **2** alegacións (18.01.2018 e 19.01.2018)
- Colexio Oficial de Farmacéuticos de Ourense (18.01.2018)
- Colexio Oficial de Farmacéuticos de Lugo (19.01.2018)
- Colexio Oficial de Farmacéuticos de Pontevedra. (19.01.2018)
- Facultade de Farmacia da USC (19.01.2018)
- Federación de Farmacias de Galicia (FEFGA) (19.01.2018)
- Sociedad Española de Farmacia Hospitalaria (SEFAH) (19.01.2018)

Ademais, recibíronse por outros medios (correo electrónico, correo certificado): 15 alegacións a maiores, correspondentes a:

- Asociación de Técnicos de Farmacia
- Galaria
- Colexio Oficial de Farmacéuticos de Pontevedra
- Sociedad Española de Farmacia Hospitalaria
- Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo
- Colexio Oficial de Veterinarios de Ourense
- Colexio Oficial de Veterinarios de Pontevedra
- Federación Galega de Municipios e Provincia (FEGAMP)
- Colexio Oficial de Farmacéuticos de A Coruña

- Colexio Oficial de Farmacéuticos de Ourense
- Sociedad Española de Radiofarmacia
- Sociedad Española de farmacia Familiar e Comunitaria (SEFAC)
- Federación de Farmacias de Galicia (FEFGA)
- Conselleria de Medio Rural
- Asociación de Farmacéuticos Rurais de Galicia

Estudo das alegacións presentadas

Para simplificar o estudo, agrúpanse as suxestións recibidas segundo os artigos do anteproxecto de lei afectados. Hai que sinalar que a suma destas suxestións non coincide co total das alegacións presentadas posto que en cada unha destas plantéxanse varias suxestións que afectan a distintos artigos.

Xúntase unha táboa resumo na que se indican os alegantes.

Artigo 2. A atención farmacéutica

1. Varios colexios farmacéuticos e a SEFAH aportan unha redacción alternativa para o número 1 deste artigo que recolle a definición da atención farmacéutica.

   Rexéitase

   A Subdirección Xeral de Farmacia considera mais axeitada a definición recollida no texto actual do anteproxecto.

2. A FEFGA suxire que nos concertos co Sergas participen outras sociedades ademais dos colexios farmacéuticos

   Rexéitase

   Os colexios son os que representan directa e obrigatoriamente os intereses de todos/as os/as farmacéuticos/as polo que, se se precisase negociación coas sociedades, debería ser previa ao concerto

Artigo 3. Establecementos e servizos de atención farmacéutica

1. A FEFGA suxire que se indique que as unidades de farmacia de Atención Primaria só dispensan medicamentos para uso interno.

   Rexéitase

   Neste punto non se considera necesario, posto que xa se especifica no artigo 50.

2. Reivindícase que as unidades de farmacia de primaria sexan verdadeiros servizos.

   Rexéitase

   As unidades de farmacia de Atención Primaria están integradas dentro dos servizos de AP como se establece no Decreto 200/1993, de 29 de xullo, de ordenación da atención primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. A Conselleria de Medio Rural e o COV de Pontevedra non están de acordo coa clasificación de establecementos de dispensación e distribución, suxerindo modificacións

   Admítese

   Corríxese a clasificación e engádese unha referencia ao artigo 65 que se cambia para axustarse ao artigo 49 da Lei 5/1999, do 21 de maio.

Artigo 4. Dispensación de medicamentos e produtos sanitarios

Varios COF e a FEFGA suxiren que se especifique que a entrega ou revenda de medicamentos está prohibida non só nas oficinas de farmacia senón en todos os establecementos sanitarios.

Admítese

Realízase unha nova redacción do número 2 do artigo 4.

Artigo 6. Atención farmacéutica domiciliaria

1. Varios COF e a FEFGA queren substituír o termo "colaborar" polo de "participar" na entrega de medicamentos de uso hospitalario.

   Rexéitase

   As oficinas de farmacia poderán colaborar co hospital na entrega informada de medicamentos de uso hospitalario, pero só cando esta colaboración sexa solicitada polo hospital.

2. Tamén suxiren que os usuarios deben ter liberdade para elixir a farmacia que queren que lles preste a atención domiciliaria dentro da zona de influenza do PAC.

   Admítese

   Nova redacción do número 1 do artigo 6.

3. A SEFAH alega que os medicamentos de uso hospitalario deben ser manexados unicamente polos especialistas en farmacia hospitalaria.

   Admítese

   Así está recollido no número 2 do artigo 6.

4. A FEGAMP suxire engadir un número para recoller concertos cos servizos municipais de axuda no fogar

   Rexéitase

   Posponse para un posterior desenvolvemento normativo

5. A asociación de Farmacéuticos Rurais de Galicia propón redactar de novo o punto 1 para recoller que o farmacéutico que realice a atención domiciliaria poida cobrar o quilometraxe e tempo de desprazamento, ben directamente ou sexa retribuído a través da administración autonómica ou local.

   Rexéitase

A nova lei só habilita unha forma de dispensación para casos excepcionais pero as condicións específicas quedan para un posterior desenvolvemento

Artigo 7. Obrigas dos establecementos e servizos de atención farmacéutica

1. Corrixir a obriga 7.1.c) para especificar que o titular deberá contar co persoal farmacéutico e "técnico e auxiliar de farmacia" necesario.

   Admítese

   Nova redacción da obriga 7.1.c)

2. Corrixir a obriga 7.1.f) para adaptala ao establecido no artigo 15.4 do Real decreto 1718/2010, de 17 de decembro, sobre receita médica e ordes de dispensación.

   Admítese

   Nova redacción da obriga 7.1.f).

3. O CEVE suxire engadir como obriga que as farmacias teñan que emitir no momento da dispensación de medicamentos veterinarios non suxeitos á prescrición veterinaria, un recibo co nome do medicamento, a especie de destino, a enfermidade para a que se da e o prezo.

   Rexeitase

   Non é operativo posto que tal e como indican trataríase de medicamentos non suxeitos a prescrición veterinaria, ademais de non estar recollido en ningunha norma.

4. O COV de Pontevedra suxire que o número 2 se desglose en dous para indicar que as farmacias en canto a medicamentos de uso humano estarán inspeccionadas por Sanidade e en canto aos medicamentos de uso veterinario por Medio Rural.

   Rexéitase

   As oficinas de farmacia son establecementos sanitarios e polo tanto deben ser inspeccionadas por Sanidade.

Artigo 8. Dereitos e obrigas da cidadanía

1. A FEFGA suxire que a norma recolla que se poderá cobrar polo consello farmacéutico escrito. Modificar o número 1.c).

Rexeitase

O consello farmacéutico é unha das funcións esenciais inherentes ás oficinas de farmacia, a cal ten a súa correspondencia no dereito da cidadanía recollido no artigo 8.c) da lei, polo que non resulta posible a súa suxeición a cobro.

2. A asociación de técnicos e auxiliares de farmacia, suxiren que a norma recolla que eles poderán participar no consello farmacéutico, sempre baixo a supervisión dun farmacéutico.

Rexéitase

Son os profesionais farmacéuticos os que teñen coñecementos para realizar o consello farmacéutico e así se establece nas súas funcións.

Artigo10. Réxime de autorizacións e competencia

A Consellería de Medio Rural e o COV de Pontevedra suxiren unha nova redacción para o número 2 deste artigo para recoller expresamente a competencia desta Consellería na autorización dos seus centros

Rexeitada

Dada a nova redacción do artigo 65, xa está recollida nel.

Artigo 12. Definición e funcións das oficinas de farmacia

1. Varios COF e a FEFGA suxiren que que na función 3) se utilice o termo "elaborar" en vez de o de "facilitar" cando se fala dos sistemas personalizados de dosificación e que nas funcións 6), 8), 11), 12) e 13) se substitúa o termo "colaborar" por "participar".

Admítese en parte

Se substitúe o termo "facilitar" por "elaborar" na función 3) posto que os farmacéuticos elaboran en ocasións os sistemas personalizados de dosificación pero non se admite o cambio de "colaborar" por "participar" xa que as oficinas teñen un papel de colaboración con outros estamentos e nos distintos programas asistenciais, que non tanto de participación.

2. A asociación de técnicos e auxiliares de farmacia, suxiren que a función 5) recolla que eles poderán participar no consello farmacéutico, sempre baixo a supervisión dun farmacéutico.

Rexéitase

Sen embargo, modifícase a redacción deixando sen especificar quen realiza o consello.

Artigo 13. Outras actividades das oficinas de farmacia

Varios COF, a FEFGA, a SEFAC e 8 particulares suxiren que cando unha farmacia teña seccións autorizadas como ortopedia, óptica, etc... non sexa obrigado que o titular estea en posesión do título correspondente senón unicamente que algún dos farmacéuticos contratados o teña.

Rexéitase

Xa que a lei determina que titularidade e propiedade van parellas e só un farmacéutico pode ser propietario dunha oficina de farmacia, polo tanto é imprescindible que este coñeza e domine todas as actividades que se realizan no seu establecemento, aínda que poida contratar a profesionais titulados para asistilo nas distintas seccións.

Artigo 16. Zonas das oficinas de farmacia

1. Varios COF suxiren que no número 1.f) se especifique que o aseo é para uso do persoal da oficina.

Admítese

Complétase a redacción do número 1.f).

2. Varios COF suxiren que se especifique que as zonas definidas e as súas características so serán obrigatorias a partires da entrada en vigor da nova lei para respectar os espazos das farmacias antigas.

Rexéitase

Non é necesario especificalo, posto que coma sempre as cuestións esixidas por unha norma, o son dende a súa entrada en vigor, non sendo posible establecer obrigas ou requisitos adicionais con carácter retroactivo se a norma tampouco prevé (como ocorre neste caso) un réxime transitorio para a súa adaptación.

Sección 2ª e 3ª

O COF de A Coruña suxire cambiar a orde das seccións 2ª e 3ª.

Admítese

A nova estruturación resulta así, á vista do contido das citadas seccións, mellor e máis coherente co cambio proposto.

Artigo 17 (agora 23). Presenza do farmacéutico e identificación do persoal

Unha suxestión recolle que no número 2 se substitúa o termo "durante o horario de atención ao público" polo de "dentro do horario de atención ao público" referindose á presencia habitual do farmacéutico titular na oficina de farmacia, para evitar que se entenda que ten que estar en "todo" o horario (incluíndo as ampliacións).

Tamén se suxire engadir un parágrafo para deixar claro que na oficina sempre ten que estar presente un farmacéutico.

Rexéitase

Se rexeitan ambas cuestións. A primeira porque o farmacéutico titular ten que estar habitualmente dentro do horario da farmacia. A segunda, non se considera posto que esta cuestión xa queda clara no número 1 do citado artigo.

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

Artigo 18 (agora 24). Sinalización e publicidade das oficinas de farmacia

1. Os COF suxiren que se especifique que a cruz verde e as palabras "Farmacia" e "Botica anexa" son de uso exclusivo das oficinas de farmacia.

   Admítese

   Se engade un número 4 con esta especificación.

2. Os COF, a FEFGA, a SEFAC e varios particulares queren modificar o número 3 por entender que só se debe de prohibir a publicidade cando poida contribuír a favorecer o consumo de medicamentos e produtos sanitarios.

   Rexéitase

   Neste artigo non se regula a publicidade dos medicamentos senón da oficina de farmacia en si, pero se mellora a redacción para favorecer a comprensión do mesmo, indicando que se prohibe a publicidade da farmacia para non interferir no dereito de libre elección da cidadanía.

Artigo 19 (agora 25). Horarios e servizos de garda das oficinas de farmacia

1. O COF de Pontevedra suxire especificar que a presencia do titular é "física".

   Admítese

   Introdúcese esta palabra no texto para evitar que se poida entender outro tipo de presenza (p.ex. telemática).

2. A Asociación de Farmacéuticos Rurais de Galicia suxire que as farmacias exentas de gardas axuden a cubrir o custe que representa o servizo para as que están obrigadas a facelas

   Rexéitase

   Neste artigo da lei se regula a obrigatoriedade de garantir a accesibilidade ao servizo farmacéutico en todos os tramos horarios coa

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

realización de gardas, pero a organización das mesmas (quendas, condicións económicas, ...) é unha competencia delegada nos colexios

Artigo 20 (agora 17). Titularidade das oficinas de farmacia

Un particular suxire que as cotitularidades teñan que permitirse a partir dunha porcentaxe como mínimo (10%).

Admítese

Modificase a redacción do número 3 deste artigo.

Artigo 21 (agora 18). Farmacéutico rexente

O COF de Ourense especifica que non se está tendo en conta o determinado sobre o período de rexencia na lei de medidas e administrativas de decembro 2017.

Rexéitase

É certo xa que o establecido nesta lei foron medidas transitorias para posibilitar a realización do vindeiro concurso.

Artigo 23 (agora 20). Farmacéutico adxunto

Sobre este artigo recibíronse varias suxestións por parte dos COF no sentido de que cando o farmacéutico cumpra 70 anos e continúe na farmacia, só sexa obrigatorio contratar farmacéuticos adicionais cando a farmacia non dispoña dos suficientes. Outra suxestión refírese a que non están de acordo coa posibilidade de contratación de profesionais sanitarios con titulacións distintas a de Farmacia, cando o aumento de actividade sexa consecuencia da apertura de novas seccións como análises, óptica, etc...
Ademais, varios particulares non están de acordo coa non caducidade da autorización ao cumprir os 70 anos.

Rexéitase

A non caducidade da autorización ao cumprir os 70 anos, só se xustifica se supón a contratación de profesionais adicionais que permitan continuar o servizo con garantías respecto da calidade e eficacia do mesmo. Por outra banda, o farmacéutico pode contratar para algunha sección da súa oficina os

profesionais coa titulación requirida aínda que non sexan farmacéuticos, se así o considera (por exemplo un médico especialista en análises para esta sección).

Artigo 24 (agora 21). Autorización de nomeamentos

O COF de A Coruña suxire que no número 1 se indique que o nomeamento se fará "preferentemente" por vía telemática.

Rexéitase

A vía telemática debe ser usada obrigatoriamente polos colexiados nas súa relación coas administracións públicas segundo o previsto no art. 14.2.c) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 25 (agora 22). Persoal técnico e auxiliar de farmacia

1. Os COF de A Coruña e Pontevedra suxiren que se substitúa a palabra "colaboración" por "asistencia", posto que os técnicos e auxiliares de farmacia asisten ao farmacéutico.

   Admítese

   Modifícase a redacción do número 1 do artigo.

2. A asociación de técnicos e auxiliares de farmacia consideran que só deben colaborar co titular, rexente ou substituto pero non co adxunto. Ademais, queren que a lei recolla como obriga para os auxiliares a posesión da tarxeta para o acceso a receita electrónica.

   Rexéitase

   Deben asistir a todo o persoal farmacéutico con exercicio profesional na oficina de farmacia e ademais, segundo a Orde do 6 de xullo de 2011 pola que se regula a asistencia ao farmacéutico na dispensación de medicamentos e produtos sanitarios suxeitos a receita médica polo persoal técnico ou auxiliar que presta servizos na oficina de farmacia, só poderán ter tarxeta para acceder ao sistema de receita electrónica os auxiliares que decida o titular da oficina de farmacia na que traballan.

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

Artigo 26. Planificación das oficinas de farmacia

Un particular propón a modificación das zonas farmacéuticas polos problemas que carrexa a aplicación dos módulos establecidos.

Rexéitase

A pesares de que este particular ten razón en que a aplicación dos módulos que existe neste momento produce incoherencias á hora de calcular o número de farmacias necesarias para cada zona, a proposta que realiza non as soluciona. A raíz desta suxestión, modificase o número 2 do artigo 27, de forma que para o cálculo das farmacias necesarias se teña en conta a evolución do padrón municipal nos últimos 5 anos.

Artigo 27. Criterios de planificación

1. O COF de Pontevedra suxire unha modificación do número 3 deste artigo para especificar que as boticas anexas serán a primeira elección para cubrir a atención farmacéutica en lugares de especial dificultade.

   Rexéitase

   A administración decidirá cal é a mellor fórmula para proporcionar esta atención.

2. A FEFGA propón que o mapa farmacéutico só se revise cando haxa un incremento na poboación total de Galicia para evitar o exceso de oficinas de farmacia.

   Rexéitase

   A administración debe procurar un servizo de atención farmacéutica razoable e equitativo para todos os usuarios, tamén os das zonas máis desfavorecidas, polo que se poden necesitar farmacias en determinadas delimitacións territoriais aínda que non haxa crecemento poboacional no global da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. A Asociación de Farmacéuticos Rurais de Galicia suxire modificar os módulos para evitar incoherencias. Propoñen un módulo único de unha farmacia cada 3.000 habitantes e unha mais se o resto supera os 2.000 habitantes

   Rexéitase

Co módulo proposto, a moitos dos concellos rurais de Galicia non lle correspondería ningunha farmacia. Polo tanto non se acepta esta suxestión, sen embargo, a raíz doutras suxestións (ver artigo 26) modificase o número 2 deste artigo 27 de forma que para o cálculo das farmacias necesarias se teña en conta a evolución do padrón municipal nos últimos 5 anos..

Artigo 33. Concurso de traslado

1. O COF de Pontevedra propón melloras na redacción do texto.

   Admítese

   Introdúcense os cambios en distintos número deste artigo.

2. A ASGAFA rechaza a realización dun concurso de traslados previo por considerar que como só poden acceder a el os farmacéuticos titulares, menoscaba os dereitos dos farmacéuticos adxuntos.

   Rexéitase

   Os titulares só poden concursar na primeira fase (concurso de traslado) e cando leven cando menos 5 anos na mesma oficina de farmacia. Isto é unha oportunidade de mellora para os titulares que levan anos proporcionando un servizo de interese público. Tamén é unha oportunidade para que a administración poida considerar a amortización dalgunha autorización cando as circunstancias da zona o requiran por non manterse os motivos que levaron a apertura desa oficina na zona. Ao posterior concurso de nova adxudicación non poderán presentarse os titulares.

3. A FEFGA suxire que os traslados poidan ser solicitados de xeito independente por cada un dos cotitulares.

   Rexéitase

   Non é posible porque complicaría moito o procedemento.

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

Artigo 34. Concurso de nova adxudicación

1. O COF de A Coruña e a FEFGA suxiren os 5 anos anteriores (en vez de 10) como período no que os farmacéuticos foran titulares para poder acceder ao concurso de nova adxudicación.

   Rexéitase

   Os 10 anos favorecen que as novas oficinas de farmacia se adxudiquen a profesionais farmacéuticos que non tiveron oportunidades anteriores.

2. O COF de Pontevedra suxire unha mellora a redacción do número 1 deste artigo.

   Admítese

   Modifícase a redacción do número 1.

Artigo 35. Caducidade e revogación da autorización

1. O COF de A Coruña e a FEFGA suxiren eliminar o número 2 deste artigo posto que consideran que non dispensar a medicación solicitada non é motivo suficiente para a revogación.

   Rexéitase

   Modifícase a redacción que da lugar a unha mala interpretación. A revogación só se produce en casos de non dispensación reiterada e inxustificada.

2. Os COF suxiren ter en conta a xubilación "activa", figura recoñecida recentemente, na que o farmacéutico pode estar xubilado parcialmente e seguir traballando.

   Admítese

   Modifícase a redacción do número 1 introducindo o termo "xubilación total", en consonancia coa terminoloxía empregada pola normativa vixente en materia de Seguridade Social e para diferencialo doutras opcións como a xubilación parcial ou a figura do "pensionista activo" introducida polo Real decreto lexislativo 5/2013, do 15 de marzo, de medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo.

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

3. O COF de Pontevedra suxire engadir un número 3 para recoller a situación dos cotitulares nos casos de caducidade da autorización de un dos titulares.

Admítese

Engádese un número adicional aínda que se cambia a orde para maior coherencia do texto.

Artigo 36. Definición e tipos de traslado

1. O COF de A Coruña suxire unha mellora na redacción do número 2.c)

Admítese

Modifícase a redacción do número 2.c).

2. O COF de Pontevedra suxire que os traslados provisionais forzosos teñan un tope de 2 anos para o seu retorno e que as farmacias obtidas por concurso público para unha delimitación concreta non poidan nunca saír desta.

Rexéitase

Os traslados provisionais forzosos non poden ter tope no retorno posto que en ocasións non é posible por causas alleas ao titular. A segunda cuestión xa está recollida neste artigo, no número 2 a).

Artigo 37. Autorización de traslado

O COF de A Coruña suxire que cando solicite o traslado unha oficina de farmacia que xa está a menos de 250 m. non se teñan en conta os 125 m para a ubicación provisional.

Rexéitase

Sempre deben respectarse os 125 m.

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

Artigo 38. Modificación dos locais de oficinas de farmacia

Varios colexios e a FEFGA, consideran non necesario a comunicación das obras menores nas oficinas de farmacia por entender que aumentaría a complexidade administrativa

Rexéitase

Se esixe unha simple comunicación posto que a administración debe estar informada. Sen embargo modifícase o texto para indicar que a comunicación é á Xefatura Territorial correspondente ao domicilio social da oficina de farmacia e eliminase o prazo de espera dun mes para o comezo das obras.

Artigo 39. Transmisión intervivos

1. Existen varias alegacións que cuestionan o período de 15 anos esixido para poder transmitir unha farmacia obtida por concurso, suxerindo que se rebaixe a 10 anos.

   Rexéitase

   O longo período de tempo necesario para a transmisión diminúe os intereses especulativos dos concursantes, ademais de estar xa así contemplado no art. 23.2 da actual LOF, modificado pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

2. A FEFGA diminúe de tres a un ano baixo a mesma titularidade, o tempo esixido para transmitir unha farmacia non obtida por concurso e ademais suxire que as declaradas VEC ou inmersas nun procedemento concursal podan transmitirse antes.

   Admítese en parte

   Os tres anos baixo a mesma titularidade aseguran a calidade da atención farmacéutica da zona e así se recollen noutras normas de comunidades autónomas. Sen embargo acéptase exceptuar desta norma ás farmacias VEC ou en procedemento concursal.

3. O COF de Pontevedra propón melloras no texto.

   Admítese

Modifícase o texto para recoller as melloras.

Artigo 42. Peche provisional

1. O COF de A Coruña suxire modificar o número 1 deste artigo para indicar que o peche provisional voluntario se solicitará cun mínimo dun mes de antelación, "salvo causas de forza maior".

   Rexéitase

   Se hai causas de forza maior como as que mencionan (inundacións, catástrofes naturais, etc...) xa non se plantexará un peche provisional "voluntario" senón un "obrigatorio", e entrarían no punto 2.a), non necesitando por tanto solicitude con antelación.

2. O COF de Lugo suxire eliminar do número 2 o suposto b) porque consideran que a non presencia dun farmacéutico non é motivo suficiente para pechar a farmacia provisionalmente.

   Rexéitase

   Ao longo de toda a lei, en distintos artigos (17, 19, 22, etc...), establécese que a presencia dun farmacéutico é imprescindible durante todo o horario de apertura e incluso no artigo 22, falando do substituto se di que se se demora o nomeamento do substituto e non hai adxunto, a farmacia debe permanecer pechada ata a incorporación.... Polo tanto, a non presencia dun farmacéutico si é motivo de peche provisional obrigatorio (xa o é na lei actual).

3. A FEFGA suxire modificar o número 2 especificando que só sexan as inhabilitacións ou penas por "delitos relacionados co desempeño da función farmacéutica" os que dean lugar ao peche provisional obrigatorio.

   Rexéitase

   Se a presenza de forma habitual do titular é necesaria, isto non é compatible coa pena privativa de liberdade con ingreso efectivo en prisión. De todos modos, débese modificar o texto para incluír o dito matiz así como para especificar que o peche só se producirá se o titular non é substituído.

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

Artigo 43. Peche definitivo

O COF de A Coruña sinala que hai que ter en conta as situacións de "xubilación activa".

Admítese

A expensas da consulta coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, e consonte coa normativa na materia, para elixir o termo mais correcto, cámbiase por "xubilación total", de acordo co sinalado tamén no art. 35.1 do anteproxecto.

Artigo 45. As boticas anexas. Condicións para a apertura

A Asociación de Farmacéuticos Rurais de Galicia suxire que a administración autonómica ou local faciliten un local para a botica e se fagan cargo dos gastos correntes

Rexéitase

Só as farmacias interesadas optan á apertura dunha botica nunha determinada zona, polo que só se xustificaría o proposto en casos de extrema urxencia na apertura e dificultades reais para atopar local.

Artigo 46. Vinculación da botica anexa

1. Varios COF suxiren eliminar o número 3 no que se indica que as boticas anexas de medicamentos veterinarios poderán estar vinculadas ademais das farmacias a calquera outro establecemento ou servizo de medicamentos veterinarios autorizado

   Rexéitase

   A dispensación de medicamentos veterinarios figura regulada na actualidade no Real decreto 109/1995, do 27 de xaneiro, sobre medicamentos veterinarios, o cal permite que ditos medicamentos poidan ser dispensados polas oficinas de farmacia legalmente autorizadas ou polas entidades ou agrupacións gandeiras e os establecementos comerciais polo miúdo legalmente autorizados. Este mesmo Real decreto permite que, no caso de concorrer circunstancias

de afastamento e urxencia, poidan establecerse boticas de urxencia, correspondendo neste caso á autoridade autonómica competente a autorización das mesmas, as cales deberán cumprir en todo caso coas esixencias de almacenamento, dispensación e control documental esixidas polo art. 89 do dito Real decreto. O anterior, unido ao feito de que tamén o Real decreto lexislativo 1/2015, do 24 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, permite no seu art. 38 a dispensación de medicamentos veterinarios neses outros establecementos e entidades, leva a concluír en que non existe óbice nin impedimento algún para o establecemento da vinculación proposta.

2. A Consellería de Medio Rural suxire a modificación do número 3 deste artigo para indicar que a dispensación nas boticas anexas veterinarias realizarase segundo a normativa estatal.

Admítese

Inclúese no texto.

Artigo 47. Peche da botica anexa

1. O COF de A Coruña suxire unha corrección no texto engadindo "anexa".

Admítese

Realízase a modificación no número 2.

2. A Asociación de Farmacéuticos Rurais de Galicia propón engadir un punto para recoller que a botica pode pechar cando os seus gastos superen os seus ingresos

Rexéitase

A botica ábrese por que se aprecia a súa necesidade na zona polo que o seu peche non pode deberse a este motivo. A lei contempla o peche cando cambian as condicións que motivaron a súa apertura.

Capítulo III. Os servizos farmacéuticos en atención primaria

Proponse o cambio do título por "As unidades de farmacia ou servizos farmacéuticos en Atención Primaria" e que ao longo do capítulo se fale de Unidades que non de servizos de A.P (Lei de Garantías).

Admítese

A denominación usada pola Lei de Garantías é a de "unidades de farmacia ou servizos farmacéuticos en Atención Primaria". Na nosa comunidade Autónoma non están constituídos servizos farmacéuticos de Atención Primaria como tales senón que existen unidades de farmacia de apoio aos servizos de Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde. Modificase o texto.

Artigo 48. A atención farmacéutica nas estruturas de Atención Primaria. Disposicións xerais

1. Os COF de Lugo e Ourense comentan que os medicamentos que esixen unha particular vixilancia, supervisión e control son os medicamentos de uso hospitalario (artigo 24 do RD 1345/2007) , e que se substitúa no texto para mellor comprensión.

   Rexéitase

   É mais correcta a redacción actual que deixa a posibilidade de que houbese algún medicamento distinto aos de uso hospitalario que requira especial vixilancia.

2. O COF de A Coruña sinala que o termo correcto é unidades ou servizos de farmacia dos centros de Atención Primaria.

   Admítese

   A denominación usada pola Lei de Garantías é a de "unidades de farmacia ou servizos farmacéuticos en Atención Primaria". Modificase o texto.

Artigo 49. Condicións e requisitos

1. A Asociación de técnicos e auxiliares de farmacia especifica que os auxiliares non poden ser estatutarios polo que corrixen o número 2.

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542725 - Fax: 881542728
www.sergas.es

Admítese

Corríxese no texto do número 2.

2. Foron recibidas varias suxestións no sentido de que no número 2 se especifique que os depósitos de medicamentos dos centros de saúde son só para uso interno.

Rexéitase

Está xa especificado claramente neste número 2.

Artigo 50. Funcións dos servizos farmacéuticos en atención primaria

Recibíronse moitas suxestións referentes ás funcións, definindo novas ou cambiando as xa existentes.

Rexéitase

As redactadas actualmente foron corroboradas pola Subdirección Xeral de Farmacia.

Artigo 51. Servizos de farmacia

O COF de Ourense suxire adecuar este artigo ao recollido no Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sostenibilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións.

Rexéitase

O preceptuado neste artigo resulta consonte co sinalado pola normativa estatal básica (art. 6 do Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril), aínda que nesta lei se presenta repartido en dous artigos (51 e 54). A invocada sentenza ditada o 21.12.2017 polo Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía (a cal atopa o seu fundamento básico nunha cuestión de índole competencial) non sería extrapolable ao presente caso, dado que parte duns presupostos legais (os contidos no decreto autonómico impugnado e no presente anteproxecto de lei) radicalmente distintos.

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

Artigo 52. Funcións dos servizos de farmacia dos hospitais e das entidades prestadoras de servizos sociais

Varias suxestións para cambiar as funcións, engadir outras, cambiar o apartado b).

Rexéitase

As redactadas actualmente foron corroboradas pola Subdirección Xeral de Farmacia.

Artigo 53. Recursos materiais e humanos dos servizos de farmacia

1. A FEFGA propón a eliminación do número 2 deste artigo porque considera que os servizos de farmacia dos hospitais non deben atender pacientes externos.

   Rexéitase

   Os medicamentos de uso hospitalario que precisen os pacientes que xa estean dados de alta deben ser recollidos no hospital na maioria dos casos, excepto os previstos no artigo 6 número 2 desta nova lei.

2. A SERFA suxire cambiar a redacción do número 5 para indicar que no servizo de farmacia hospitalaria tamén poden traballar outros especialistas que non sexan farmacéuticos especialistas en farmacia hospitalaria como químicos o farmacéuticos especialistas en radiofarmacia

   Rexéitase

   É menos confusa a redacción actual. Na C.A de Galicia as unidades de radiofarmacia non dependen do servizo de farmacia hospitalaria

Artigo 54. Depósitos de medicamentos e produtos sanitarios

1. Varios COF plantexan melloras na redacción do texto.

   Admítese

   Modifícase o texto.

2. Varios particulares pretenden que os depósitos de medicamentos das residencias estean vinculados sempre ás oficinas de farmacia da zona

   Rexéitase

   As vinculacións están recollidas no Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril.

3. A Conselleria de Medio Rural suxire engadir un número mais para regular os depósitos de medicamentos veterinarios

   Rexéitase

   Dada a nova redacción do artigo 65, xa está recollida nel.

Artigo 58. Requisitos e funcións da dirección técnica

A asociación de técnicos e auxiliares de farmacia suxiren engadir no número 2 "para iso contarán co persoal técnico ou auxiliar necesario para a organización e distribución dos medicamentos e produtos sanitarios".

Admítese

Modifícase o texto.

Artigo 60. Clasificación das unidades de radiofarmacia

A SERFA suxire non realizar a clasificación das unidades proposta no texto ou, en todo caso, se non se atende esta suxestión cambiar a definición da Unidade de Radiofarmacia tipo I.

Admítese en parte

Mantense a clasificación dos tipos de unidades porque son as autorizadas pero se cambia a definición da unidade de tipo I.

Artigo 62. Recursos humanos

A SERFA suxire unha redacción menos restritiva para o número 1 deste artigo, para permitir que os radiofarmacéuticos se poidan ausentar sempre que estean localizables e dispoñible.

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

Admítese

Cámbiase a redacción do número 1, substituíndo "é requisito inescusable" por "requírese"

Artigo 63. Requisitos das unidades de radiofarmacia

1. Galaria propón unha mellora no texto.

   Admítese

   Modifícase o texto.

2. A SERFA suxire modificar a redacción do segundo parágrafo por entender que a regulación dos radiofármacos é competencia do Estado.

   Rexéitase

   Esta competencia non está regulada. Só se admite unha pequena modificación no texto falando de "principios e directrices aplicables".

Artigo 64. Adquisición e dispensación

A SERFA suxire unha modificación no número 1 para a indicar que os responsables da adquisición e dispensación dos radiofármacos son os radiofarmacéuticos que non as unidades de farmacia hospitalaria.

Rexéitase

Segundo a lei de garantías no artigo 84.2, é función dos servizos de farmacia hospitalaria garantir e asumir a responsabilidade técnica da adquisición e dispensación dos medicamentos precisos para as actividades intrahospitalarias.

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

Artigo 65. Distribución e dispensación de medicamentos veterinarios

Recibíronse moitas suxestións a este punto por parte do CEVE, dos COV de Lugo, Ourense e Pontevedra, de varios veterinarios particulares e tamén da Consellería do Medio Rural.

Rexéitase

Substitúese a redacción do artigo 65 do anteproxecto pola do actual artigo 49 da Lei 5/1999, do 21 de maio.

Artigo 68. Incompatibilidades

Recibíronse moitas alegacións sobre este artigo por parte dos COF, ASGAFA, FEFGA, Facultade de Farmacia e particulares. Todas referentes a dúas cuestións: flexibilizar o réxime de incompatibilidades para os farmacéuticos adxuntos e excepcionar á docencia segundo o recollido na normativa vixente.

Admítese en parte

Exceptúase a docencia do réxime de incompatibilidades segundo a normativa vixente. Por outra banda, en canto aos adxuntos poderán compatibilizar, sempre que o horario o permita, o exercicio profesional nunha oficina co de establecementos de ortopedia, óptica, audioprótese, etc...(elimínase o apartado a) do número 3.

Artigo 69. Publicidade e promoción dos medicamentos. Disposicións xerais

Unha mellora na redacción.

Admítese

Modifícase a redacción do número 3.

Artigo 71. Acción inspectora

A Consellería de Medio Rural solicitar modificar a redacción do número 1 e 2 deste artigo, para incluír a competencia da Consellería na inspección dos seus centros.

Admítese

Modifícase o texto.

Artigo 72. Infraccións

Recibíronse moitas suxestións por parte dos COF, outras asociacións e particulares, no sentido de que nesta lei se relacionaran unicamente aquelas infraccións non contidas no Real decreto lexislativo 1/2015, do 24 de xullo.

Admítese

Unicamente definiranse as infraccións que non estean xa contempladas no dito real decreto lexislativo.

Artigo 73. Sancións

As suxestións recibidas son en relación a que a contía das sancións é moi elevada.

Admítese

Redúcense as contías correspondentes aos distintos tipos infractores e tramos, ao tempo en que se efectúa unha revisión e reorganización dos mesmos para ser consontes co dito real decreto lexislativo.

Disposición final segunda

Dous particulares suxiren que nesta disposición se indique que a lei entra en vigor ao día seguinte da súa publicación.

Rexéitase

O prazo xeral para a entrada en vigor das normas é de 20 días, a non ser que se aprecien circunstancias excepcionais que xustifiquen a entrada con anterioridade, que non é o caso.

Afectando a todo o texto

A SEFAC suxire utilizar o termo "Farmacia comunitaria" en lugar de "Oficina de farmacia" e introducir na lei un artigo específico sobre os servizos

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542726
www.sergas.es

Farmacéuticos profesionais, isto seguindo a liña do anteproxecto de lei de ordenación farmacéutica de Madrid.

Rexéitase

O termo oficina de farmacia é o mais manexado na normativa actual e facilita a comprensión por parte de todos os axentes implicados.

O desenvolvemento dos servizos farmacéuticos profesionais realizarase nun posterior desenvolvemento normativo.

Ademais das anteriores, existen 5 alegacións presentadas por particulares que non fan referencia a este anteproxecto de Lei de Ordenación Farmacéutica, senón que corresponden á modificación do Decreto 146/2001, do 7 de xuño, sobre planificación, apertura, traslado, peche e transmisión de oficinas de farmacia, e concretamente ao anexo no que se determina o baremo que se terá en conta no vindeiro concurso para a adxudicación de novas oficinas de farmacia.

Estas suxestións non son tidas en consideración para a tramitación desta lei, por ter un obxecto distinto da mesma.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2018
O secretario xeral técnico



Alberto Fuentes Losada

VALORACIÓN DAS SUXESTIÓNS AO ANTEPROXECTO DE LEI DE ORDENACIÓN FARMACÉUTICA

- Recibíronse a través do portal de transparencia da Xunta de Galicia 57 alegacións ao anteproxecto. Ademais recibíronse 2 mais por outras vías. Esto fai un total de 59 alegacións.
- A suma das suxestións que se mostran na 2ª columna da táboa non coincide co total das alegacións recibidas posto que cada unha das alegacións poden afectar a varios artigos.
- 5 alegacións de particulares corresponden ao novo baremo (as arquivadas coa referencia 3, 18, 24, 28 e 44)

	Nº suxestións que o afectan	Suxestión	Alegantes	Decision administracion	Motivo
Artigo 2. A atención farmacéutica	5	Mellorar a definición	COF CORUÑA COF LUGO COF OURENSE SEFH	NON ACEPTADA	A subdirección xeral de farmacia considera mais axeitada a definición recollida no texto actual do anteproxecto
		Que nos concertos co Sergas participen ademais dos COF, outras asociacións ou federacións representativas dos farmacéuticos con oficina	FEFGA	NON ACEPTADA	Os COF representan a todos os farmacéuticos e polo tanto en principio a negociación das distintas entidades debería ser previa a firma do convenio
Artigo 3. Establecementos e servizos de atención farmacéutica	4	Indicar que as unidades de farmacia de A.Primaria só dispensan para uso interno	FEFGA	NON ACEPTADA	Esto xa se especifica no artigo 50 da propia lei
		Que as unidades de farmacia de Primaria sexan verdadeiros servizos	1 particular	NON ACEPTADA	As unidades de Farmacia de atención primaria están integradas dentro de los servizos de AP y los farmacéuticos son un facultativo más.
		Non está de acordo coa clasificación de establecementos de dispensación e dutribución, suxerindo modificacións	CONSELLERIA MEDIO RURAL COV PONTEVEDRA	ACEPTADA	Corríxese e o artigo 65 desta lei volve á redacción do artigo 49 da actual lei de ordenación farmacéutica
Artigo 4. Dispensación de medicamentos e produtos sanitarios	5	Que se especifique que a entrega ou revenda dos medicamentos, non só debe estar prohibida nas farmacias senón en todos os establecementos sanitarios.	COF CORUÑA COF LUGO COF OURENSE FEFGA 1 Particular	ACEPTADA	Parece lóxico que non se poidan reutilizar tampouco os medicamentos en outros puntos como consultas de farmacéuticos de A.P., clínicas, m.cabeceira....
Artigo 6. Atención farmacéutica domiciliaria	8	- Substituir o termo "colaborar" polo de "participar" na entrega domiciliaria dos medicamentos de uso hospitalario - Os usuarios deben ter liberdade para elixir a farmacia da súa zona que queren que lles realice atención domiciliaria.	COF CORUÑA COF LUGO COF PONTEVEDRA FEFGA 1 particular	ACEPTADA en parte	- Non se acepta o cambio do termo colaborar por participar posto que podería responder a pretensión de intervir máis na atención domiciliaria de medicamentos de uso hospitalario por parte das farmacias. A participación destas sempre debe producirse en caso de ser solicitada expresamente polo hospital. - Cámbiase a redacción do artigo 6.1 para indicar que a a. domiciliaria se levará a cabo por un farmacéutico da farmacia elixida polo paciente dentro da zona
		Que os medicamentos de uso hospitalario so podan ser manexados polos especialistas en farmacia hospitalaria	SEFH	ACEPTADA	Así se recolle no artigo 6.2
		Engadir un número 3 para recoller concertos cos servizos municipais de axuda no fogar	FEGAMP	NON ACEPTADA	Posponse para un posterior desenvolvemento regulamentario
		Redactar de novo o punto 1 para recoller que o farmacéutico que realice a atención domiciliaria poida cobrar directamente ou a través da administración autonómica ou local	Asociacion de Farmaceuticos Rurais	NON ACEPTADA	A nova lei só habilita unha forma de dispensación para casos excepcionais pero as condicións específicas quedan para un posterior desenvolvemento
Artigo 7. Obrigas dos establecementos e servizos de atención farmacéutica	6	Especificar a obriga 7.1.f) para adaptala ao R.D 1718/2010 Corrixir a obriga 7.1.c) especificando persoal técnico e auxiliar de farmacia	COF CORUÑA FEFGA TECNICOS AUXILIARES 1 particular	ACEPTADA	Mellora a redacción dalgunha das obrigas
		Engadir como obriga que as farmacias teñan que emitir no momento da dispensación dos m. veterinarios no sujetos a prescrición, un recibo con nombre medicamento, especie de destino, enfermedad para la que se da y precio	CEVE	NON ACEPTADA	Parece que esto non é posible
		Que o número 2 se desglose en dous para indicar que as farmacias en canto a medicamentos de uso humano estarán inspeccionadas por Sanidad y en canto aos medicamentos de uso veterinario por Medio Rural	COV PONTEVEDRA	NON ACEPTADA	As oficinas de farmacia son establecementos sanitarios e polo tanto deben ser inspeccionadas por Sanidade

Artigo 8. Dereitos e obrigas da cidadanía	2	Cobrar polo consello farmacéutico escrito	FEFGA	NON ACEPTADA	O consello farmacéutico é unha das funcións da oficina de farmacia (artigo 12.5)
		Participar na información requirida polos pacientes sobre un medicamento ou produto sanitario, sempre baixo a supervisión dun farmaceutico (Artigo 8, numero 1. c))	TECNICOS AUXILIARES	NON ACEPTADA	Son os farmacéuticos os que teñen o obriga de dar información por escrito aos usuarios
Artigo 10. Réxime de autorizacións e competencia	2	Suxiren unha nova redacción para o numero 2 deste artigo para recollet expresamente a competencia da conselleria de Medio Rural na autorización dos seus centros	CONSELLERIA MEDIO RURAL COV PONTEVEDRA	NON ACEPTADA	Ao substituir a redacción do artigo 65 do anteproxecto actual polo artigo 49 da lei 5/1999, non é necesario cambiar esta redacción posto que xa estará recollido no 65
Artigo 12. Definición e funcións das oficinas de farmacia	5	- Substituir "Colaborar" por "Participar" en la redacción de las funciones. - Los sistemas personalizados de dosificación (SPD), en moitas ocasions, son elaborados polas farmacias e non so facilitados	COF CORUÑA COF LUGO COF OURENSE FEFGA	ACEPTADA en parte	Aceptase o cambio de denominación no punto 12.1.3) "Elaborar" por "Facilitar" os Sistemas Personalizados de Dosificación (SPD). Non se aceptan o cambio de redacción de "colaborar" por "participar" no resto de funcións deste apartado
		12.5. Participar na información requirida polos parientes sobre un medicamento ou produto sanitario, sempre baixo a supervisión dun farmacéutico	TECNICOS AUXILIARES	NON ACEPTADA	Realmente xa o están facendo Non habería problema sempre que o auxiliar estea identificado como tal e a persoa saiba de quen ben o consello ou a información
Artigo 13. Outras actividades das oficinas de farmacia	13	Cando nunha farmacia se realicen outras actividades autorizadas (ortopedia, óptica, audio, analises, ...), o titular da oficina non estará obrigado a ter o titulo senon a ter contratado a algún farmacéutico que o teña	COF CORUÑA COF LUGO COF OURENSE FEFGA 8 particulares SEFAC	NON ACEPTADA	É imprescindible que xa que titularidade e propiedade van parellas e só un farmacéutico pode ser o propietario dunha oficina, esta figura coñeza e domine todas as actividades que se realizan no seu establecemento, ainda que contrate a un adxunto co mesmo titulo para poder levar esa sección (esto pode aclararse mellor no texto). Os adxuntos con titulacións complementarias terán sempre mais posibilidades de insercion laboral posto que poderán levar seccións das farmacias que outros non poden.
Artigo 16. Zonas das oficinas de farmacia	3	- Especificar que o aseo é para uso do persoal da oficina - Especificar que estas zonas só serán obrigatorias a partir da entrada en vigor da lei, para respetar as farmacias antigas con pouco espacio	COF CORUÑA COF OURENSE COF LUGO	ACEPTADA en parte	Que o aseo é para uso do persoal xa o pon a lei neste momento. Como sempre, as cuestións estadas por unha norma, o son desde a sua entrada en vigor, así que non é necesario especificalo
Seccións 2 e 3	1	Cambiar a orde das seccions 2 e 3 que quedarian: Sección 2: Titularidade e persoal (iria do artigo 17 ao artigo 22) Sección 3: Atención ao público (iria do artigo 23 ao artigo artigo 25)	COF CORUÑA	ACEPTADA	A lei quedaría así mellor estruturada e mais coherente posto que neste momento a sección 2 recolle aspectos referentes aos distintos profesionais das oficinas, e a súa definición se establece na sección 3. O lóxico é que sexa a inversa
Artigo 17. Presenza do farmacéutico e identificación do persoal	4	- O colexio de Coruña quere que o farmacéutico só estea presente de forma habitual "dentro do" en vez de "durante" o horario de atención ao público	COF CORUÑA	NON ACEPTADA	Pero o que se debe é especificar que se require a presencia habitual do titular no horario mínimo
		Engaden un parrafo para que quede claro que sempre ten que estar presente un farmacéutico na oficina e que esto sexa así é responsabilidade do titular	COF OURENSE COF PONTEVEDRA 1 particular	NON ACEPTADA	Xa está especificado no punto 1
Artigo 18. Sinalización e publicidade das oficinas de farmacia	9	- Varias especificacions sobre as caracteristicas da cruz verde - Engadir un punto para indicar que as palabras "Farmacia", "Botica Anexa" e a cruz verde, son exclusivas das farmacias - Modificar o tema da publicidade engadindo que se prohibe cando poida contribuir a favorecer o consumo de medicamentos e produtos sanitarios"	COF CORUÑA COF LUGO COF OURENSE COF PONTEVEDRA FEFGA SEFAC 3 particulares (9	ACEPTADA en parte	As especificacións da cruz verde e as palabras, se aceptan por mellorar a comprensión do texto. As novas tecnoloxias e formas de publicidade a través de internet e a inclusión da parafarmacia dentro da oficina de farmacia fan necesario establecer topes diferenciados na publicidade e promoción de por un lado medicamentos e produtos sanitarios, e por outra outros produtos cosmeticos, nutricionais, etc. Sen embargo, este artigo non se refire a esto senon a promoción e publicidade da farmacia en si. Ampliase a redacción para mellorar a comprensión
Artigo 19. Horarios e servizos de garda das oficinasde farmacia	2	Sinalar que a presencia do titular é "física"	COF PONTEVEDRA	ACEPTADA	As novas tecnoloxias poden permitir outro tipo de presenza que non é a permitida (en contacto telematico, ...)
		Propoñen que as farmacias exentas de gardas axuden a cubrir o costo que representa o servizo para as que están obrigadas a facelas	Asociación de Farmaceuticos Rurais	NON ACEPTADA	Neste artigo da lei se regula a obrigatoriedade de garantir a accesibilidade ao servizo farmaceutico en todos os tramos horarios coa realización de gardas, pero a organización das mesmas (quendas, condicións economicas, ...) é unha competencia delegada nos colexios
Artigo 20. Titularidade das oficinas de farmacia	1	Determinar un porcentaxe mínimo do 10% para poder ser cotitular	1 particular	ACEPTADA	Xa se falou no grupo de traballo pero al final se descartou porque se a responsabilidade é a mesma teñas a participación que teñas, da un pouco igual. Sen embargo, creemos que non está mal poñelo, ainda que sexa desde o punto de vista estético
Artigo 21. Farmacéutico resente	2	Comentan que non se ten en conta o disposto na lei de medidas	COF LUGO COF OURENSE	NON ACEPTADA	É certo pero é que esto foi unha medida transitoria para resolver o problema do próximo concurso que debería saír antes da nova lei
Artigo 23. Farmacéutico adxunto	5	- O COFC quere eliminar o último parrafo do punto 2 para que só se poidan contratar farmacéuticos - O COFOU quere que ao cumprir os 70 o titular, só se contraten adxuntos nos casos de que a farmacia non teña os estandos - 2 particulares non están de acordo co que o farmaceutico poida continuar na farmacia máis alá dos 70 anos	COF CORUÑA COF OURENSE COF PONTEVEDRA 2particulares	NON ACEPTADA	Se o titulardunha oficina de farmacia con titulo para análisis quere contratar a un médico con esta especialidade para traballar nesta sección, debería poder facelo. A contratación adicional de adxuntos é a xustificación da anulación da caducidade por idade

Artigo 24. Autorización de nomeamentos	1	Engadir que os nomeamentos faránse preferentemente por vía telemática	COF CORUÑA	NON ACEPTADA	Ten que ser así pola nova lei de procedemento administrativo (lei 39/2015)
Artigo 25. Persoal técnico e auxiliar de farmacia	3	Melloras no texto	COF CORUÑA COF PONTEVEDRA	ACEPTADA	Especifican que os auxiliares asisten que non colaboran cos farmacéuticos, etc
		Consideran que deben colaborar con titulares, rexentes e substitutos pero non con adxuntos, porque din qu os adxuntos non teñen a dirección técnica da farmacia. Ademais, queren que a lei recolla como obriga para os auxiliares a posesión da tarxeta para o acceso a receita electrónica	TECNICOS AUXILIARES	NON ACEPTADA	A asistencia debe ser a todos os farmacéuticos e segundo a orde de 2011 so poderán ter tarxeta para acceder ao sistema de receita electrónica os auxiliares que decida o titular da oficina de farmacia na que traballan.
Artigo 26. Planificacón das oficinas de farmacai	1	Modificar as zonas farmacéuticas para que o cálculo das farmacias necesarias segundo os módulos non teñan as incoherencias que producen os restos. Propón: Urbanas: >29.500 habitantes Semiurbanas: Entre 9.500 e 29.500 habitantes Rurais: <9.500 habitantes	1 particular	NON ACEPTADA	O problema son os restos e ainda coas zonas propostas segue habendo incoherencias. Require unha análise mais detallada pero se poderia engadir un factor corrector aos restos como que á proporción de 1500 habitantes adicionais se teña en conta so se teña en conta cando haxa un crecemento poboacional positivo nos últimos 5 anos.
Artigo 27. Criterios de planificación	5	Utilizar o censo de poboación actualizado para confeccionar o mapa, en lugar do último padrón	COF LUGO COF OURENSE	NON ACEPTADA	A lei precisa datos asentados para a realización dos cálculos e a determinación das delimitacións territoriais de cada farmacia. Os censos municipais son muy manipulables
		Indicar que a primeira forma na que se debe cubrir a atención farmacéutica nos sitios complicados é mediante "botica anexa" modificando o punto 3 deste artigo	COF PONTEVEDRA	NON ACEPTADA	Normalmente cubrirase cunha botica anexa pero a administración debe ter a posibilidade de establecer outras fórmulas (centros de saúde, levar a medicación ...)
		Que o mapa farmacéutico só se revise cando haxa un crecemento da poboación total de Galicia, para evitar o exceso de oficinas de farmacia e non baixe o volume de negocio de cada unha delas	FEFGA	NON ACEPTADA	A administración ten que procurar un servizo de atención farmacéutica razoable para todos os usuarios, incluso os das zonas menos favorecidas polo que poden necesitarse farmacias nalgunhas delimitacións territoriais ainda que non haxa crecemento poboacional no global da C.A
		Modificar os módulos para evitar incoherencias. Propoñen un módulo único de 1 farmacia /3000 habitantes e unha mais se o resto supera os 2000 habitantes	Asociación de Farmacéuticos Rurais	NON ACEPTADA	Con este módulo proposto, a moitos dos concellos rurais de Galicia non lle corresponderia ningunha farmacia. Sen embargo, atendendo outras suxestións, modificase este artigo no sentido de que para o cálculo das farmacias necesarias deberá terse en conta ,nos casos dos restos, que o concello estéa crecendo.
Artigo 33. Concurso de traslado	3	Melloras na redacción do texto	COF PONTEVEDRA	ACEPTADA	A comprensión do que se pretende co concurso de traslado mellora coas súas aportacións
		Rechazan o concurso de traslado previo porque entenden que as oficinas que pasan a 2ª fase serían as peores e din que de novo se poderían presentar os titulares na 2ª fase	ASGAFA	NON ACEPTADA	A 2ª fase NON se poden presentar os titulares. Pensamos que o concurso de traslados previo é unha oportunidade para titulares que levan anos en situacións precarias e permite á administración analizar se a farmacia que pretenden abandonar debe cubrirse ou pode "amortizarse". Ademais, non se poden presentar ata despois de 5 anos. (Cando os adxuntos pasen a ser titulares cambiarán de opinión). Ademais, ao meu criterio, esta condición animará aos profesionais a aceptar no concurso destinos menos favorecidos, posto que teñen unhorizonte temporal, co cal beneficiarase a poboación
		Que los traslados puedan ser solicitados por uno de los cotitulares	FEFGA	NON ACEPTADA	É moi complicada a xestón desta posibilidade.
Artigo 34. Concurso de nova adxudicación	3	Parécelles excesivo que para participar os farmacéuticos non haxan podido ser titulares nos 10 anos anteriores. Propoñen 5 anos	COF CORUÑA FEFGA	NON ACEPTADA	Os 10 anos favorecen que as novas oficinas de farmacia se adxudiquen a profesionais farmacéuticos que non haxan tido oportunidades anteriores
		Mellora na redacción do punto 1	COF PONTEVEDRA	ACEPTADA	Facilita a comprensión do texto
Artigo 35. Caducidade e revogación da autorización	5	Non estan de acordo co punto 2 deste artigo e piden suprimilo. Entenden que non dispensar a medicación solicitada non é motivo suficiente para a revogación	COF CORUÑA FEFGA	NON ACEPTADA	Este punto se entende mal. A revogación se produce por a nondispensación continuada, por desabastecemento. Débese modificar a redacción para que quede claro
		Falan de ter en conta a xubilación activa, na que o farmacéutico pode estar parcialmente xubilado e seguir traballando	COF CORUÑA COF LUGO COF OURENSE	ACEPTADA	Poderia solucionarse falando no texto de "xubilación total".
		Engadir un punto 3 para as cotitularidades	COF PONTEVEDRA	ACEPTADA	Efectivamente é necesario contemplar as consecuencias jurídicas tiene para un cotitular a caducidade da autorización do outro cotitular
Artigo 36. Definición e	2	Propón unha mellora na redacción do número 2.c)	COF CORUÑA	ACEPTADA	Mellora a redacción

tipos de traslado	*	- Que os traslados provisionais forzosos teñan un tope de 2 anos para o retorno - Plantexa que as farmacias obtidas por concurso público para unha delimitacion territorial concreta non poidan nunca sair desta.	COF PONTEVEDRA	NON ACEPTADA	- Houbo casos nos que non foi posible. Por eso se deixou aberto. - A segunda cuestión xa está recollida así na norma actual (Artigo 36.2.a)) porque estamos a falar dos "cambios de ubicación" dunha autorización xa existente. Outra cousa son os "traslados" por concurso no que o titular deixa unha autorización para facerse con outra. Neste segundo suposto se que poderían optar sempre que leven abertos un mínimo de 5 anos
Artigo 37. Autorización de traslado	1	Cando solicita traslado unha farmacia que xa está a menos de 250 m. que non se teñan en conta os 125 m.	COF CORUÑA	NON ACEPTADA	Sempre deben respectarse os 125 m.
Artigo 38. Modificación dos locais de oficinas de faracia	3	Eliminar o punto 2 deste artigo porque consideran non necesario comunicar as obras menores que se fagan nas oficinas, argumentando que aumentaría a complexidade administrativa	COF CORUÑA FEFGA COF PONTEVEDRA	NON ACEPTADA	Se esixe unha simple comunicación (quizais pódese engadir "á xefatura territorial correspondente e quitar o prazo de espera para empezar") que non solicitude de autorización. É importante que a administración estea enterada de que unha oficina se está pintando ou cambiando o mobiliario, etc por se houbese calquera incidencia
Artigo 39. Transmisión intervivos	5	Parécelle moito ter que esperar 15 anos para poder transmitir as farmacias de concurso. Propoñen 10 anos	COF LUGO COF OURENSE FEFGA 1 particular(15)	NON ACEPTADA	O longo período garantiza que as intencións dos concursantes non sexan especulativas. Ademais, realmente non se recibiron moitas alegacións sobre este tema o que indica que a maioría dos interesados están de acordo
		Modifica el punto 2 para diminuir de 3 a 1 ano baixo a mesma titularidades, o tempo que se debe esperar para poder transmitir unha farmacia comprada. Ademais engade que as que entren nun procedemento concursal ou sexan declaradas VEC deben estar tamén no agás	FEFGA 1 particular	ACEPTADA en parte	Os tres anos baixo a mesma titularidade son irrenunciables para evitar a especulación e protexer aos usuarios dos cambios constantes nas farmacias da súa zona. Sen embargo, decídese exceptuar desta norma as farmacias VEC ou en procemento concursal
		Melloras na redacción	COFPO	ACEPTADA	Mellora o texto
Artigo 42. Peche provisional	3	Modifican o punto 1 para indicar que o peche provisional voluntario se solicitará cun mínimo de 1 mes de antelación, salvo causas de forza maior	COF CORUÑA	NON ACEPTADA	Se hai causas de forza maior como as que mencionan (inundacións, catástrofes naturales, etc) xa non se plantexa un peche provisional "voluntario" senon "obrigatorio" e entrarían no punto 2.a), non necesitando por tanto solicitude con antelación
		Eliminar do punto 2 o suposto b) porque consideran que a non presencia dun farmacéutico non é motivo suficiente para provocar o peche provisional obrigatorio	COF LUGO	NON ACEPTADA	Ao longo de toda a lei, en distintos artigos (17, 19, 22, ...), se establece que a presencia dun farmacéutico é imprescindible durante todo o horario de apertura e incluso no artigo 22, falando do substituto se di que se tarda o nomeamento do substituto e non hai adxunto, a farmacia debe permanecer pechada ata a incorporación.... Polo tanto, a non presencia dun farmacéutico si é motivo de peche provisional obrigatorio (xa o é na lei actual). Outra cousa é que se cumpla
		Modificar do punto 2 o suposto c) especificando que so sexan as inhabilitacións ou penas por "delitos relacionados co desempeño da función farmacéutica" os que dean lugar ao peche obrigatorio.	FEFGA	NON ACEPTADA	Se a presenza de forma habitual do titular é necesaria, esto non é compatible coa pena privativa de libertade con ingreso efectivo en prisión. De todos modos, débese modificar o texto para indicar esto e que o peche só se producirá se o titular non é substituído
Artigo 43. Peche definitivo	1	Ter en conta a xubilación activa no punto 2 e)	COF CORUÑA	ACEPTADA	Quizais poida solventarse falando de "xubilación total"
Artigo 45. As boticas anexas. Condicións para a apertura	1	Propoñen que a administración autonómica ou local faciliten un local para a botica e se fagan cargo dos gastos correntes	Asociación de Farmacéuticos Rurais	NON ACEPTADA	So as farmacias interesadas optan á apertura dunha botica nunha determinada zona polo que só se xustificaría o proposto en casos de urxencia na apertura e dificultades reais para atopar local
Artigo 46. Vinculación da botica anexa	3	Suprimir o punto 3 no que se indica que as boticas anexas de medicamentos veterinarios poderan estar vinculadas ademais de as farmacias a calquera outro establecemento ou servizo de medicamentos veterinarios autorizado	COF LUGO COF OURENSE	NON ACEPTADA	Unha vez revisada a normativa estatal compróbase que a referida previsión (recollida xa na actual LOF) resulta consonte coa normativa estatal básica (RD 109/1995, do 27 de xaneiro, e RD lexislativo 1/2015)
		Propónse a modificación do número 3 para indicar que a dispensación nas boticas anexas veterinarias realizarase segundo a normativa estatal	CONSELLERÍA MEDIO RURAL	ACEPTADA	Modifícase o texto
Artigo 47. Peche da botica anexa	2	Corrección do texto	COF CORUÑA	ACEPTADA	De acordo
		Propoñen engadir un punto para recoller que a botica pode pechar cando os gastos superen os ingresos	Asociación de Farmacéuticos Rurais	NON ACEPTADA	A botica ábrese por que se aprecia a súa necesidade na zona polo que o seu peche non pode deberse a este motivo. A lei contempla o peche cando cambian as condicións que motivaron a súa apertura
Capítulo III. Os servizos farmacéuticos en Atención Primaria	4	Cambio do título do capítulo III. Propoñen: "As unidades de farmacia ou servizos farmacéuticos en atención Primaria"	4 particulares	ACEPTADA	Varios particulares comentan que neste momento non existen servizos farmacéuticos en Atención primaria. Deberíamos ser coidadosos coa denominación, que non nos obrigue a crear servizos como tales, que neste momento non existen no nivel asistencial. Se podería falar de "unidades o servizos farmacéuticos de AP en todo o texto, como fai a lei de garantías.

Artigo 48. Disposicións xerais	5	Comentan que os medicamentos que esixen unha particular vixilancia, supervisión e control son os medicamentos de uso hospitalario (artigo 24 do RD 1345/2007) , y que se substituya en el texto para mejor comprensión	COF LUGO COF OURENSE 2 particulares	NON ACEPTADA	É mellor deixalo aberto, tal e como está por se houbese algun medicamento distinto aos de uso hospitalario que requira unha particular vixilancia
		Especifica tamén que o termo correcto é "unidades ou servizos de farmacia dos centros de atención primaria"	COF CORUÑA	**ACEPTADA**	Xa comentado anteriormente
Artigo 49. Condicións e requisitos	5	No punto 2 debe por "contar coa colaboración do persoal técnico en farmacia" que non auxiliar posto que este colectivo non é persoal estatutario do SERGAS	TECNICOS AUXILIARES	**ACEPTADA**	Corríxese no texto
		Que se precise que os medicamentos dos depósitos dos centros de saúde son só para uso interno	FEFGA 3 particulares	NON ACEPTADA	Xa o pon claramente no punto 2
Artigo 50. Funcións dos servizos farmacéuticos en Atención primaria	10	Propoñen algunhas novas funcións, cambian as existentes, ...	COF CORUÑA COF LUGO COF OURENSE COF PONTEVEDRA SEFH 5 particulares	NON ACEPTADA	A SX de Farmacia Corrobora as funcións recollidas neste anteproxecto
Artigo 51. Servicios de farmacia	1	Adecuar o artigo 51 ao determinado no RD-ley 16/2012	COF OURENSE	NON ACEPTADA	O precepto resulta consonte co disposto na normativa estatal básica (art. 6 do RD ley 16/2012, de medidas urxentes)
Artigo 52. Funcións dos servizos de farmacia dos hospitais e das entidades prestadoras de servizos sociais	3	Propoñen outras funcións, Cambian o apartado b), engaden a farmacoxenética	COF OURENSE FEFGA SEFH	NON ACEPTADA	A SX de Farmacia Corrobora as funcións recollidas neste anteproxecto
Artigo 53. Recursos materiais e humanos dos servizos de farmacia	2	Eliminar o punto 2 deste artigo porque consideran que o servizo de farmacia hospitalaria non debe atender pacientes externos	FEFGA	NON ACEPTADA	Os medicamentos de uso hospitalario que precisen os pacientes que xa estean dados de alta deben ser recollidos no hospital na maioría dos casos, excepto os previstos no artigo 6 punto 2 desta nova lei
		Cambiar a redacción do número 5 para indicar que no servizo de farmacia hospitalaria tamén poden traballar outros especialistas que non sexan de farmacia hospitalaria como químicos o farmacéuticos especialistas en radiofarmacia	SERFA	NON ACEPTADA	Queda menos confuso na redacción actual
Artigo 54. Depósitos de medicamentos e produtos sanitarios	8	Os COF plantexan melloras na redacción do texto	COF LUGO COF OURENSE	**ACEPTADA**	Mellora a redacción
		Os particulares queren que os depósitos das residencias sempre dependan da farmacia da zona	5 particulares	NON ACEPTADA	Esto esta recollido no R.D Ley 16/2012
		Indican que se debe engadir un novo punto regulando os depósitos de medicamentos veterinarios	CONSELLERÍA MEDIO RURAL	NON ACEPTADA	Ao substituir a redacción do artigo 65 do anteproxecto polo artigo 49 da lei 5/1999, non é necesario cambiar esta redacción posto que xa estará recollido no 65
Artigo 58. Requisitos e funcións da dirección técnica	1	Engadir no punto 2 "para eso contarán co persoal técnico ou auxiliar necesario para a organización e distribución dos medicamentos e produtos sanitarios"	TECNICOS AUXILIARES	**ACEPTADA**	Mellora a redacción pero poñer mellor "poderán contar"
Artigo 60. Clasificación das unidades de radio farmacia	1	Suxiren non realizar a clasificación das unidades proposta no texto ou, en todo caso, senon se atende esta suxestión cambiar a definición da Unidade de Radiofarmacia tipo I	SERFA	**Aceptada en parte**	Manteñense os tipos de unidades posto que son as autorizadas, pero se cambia a definición do tipo I
Artigo 62. Recursos humanos	1	Suxiren unha redacción menos restrictiva para o número 1, para permitir que os radiofarmacéuticos se poidan ausentar sempre que estean localizables	SERFA	**ACEPTADA**	Cambiase a redacción do número 1, substituindo "o requisito mescusable a presencia" por "requírese a presencia"
Artigo 63. Requisitos das unidades de radiofarmacia	2	Mellora na rdacción	GALARIA	**ACEPTADA**	Mellora na redacción
		Modificar a redacción do segundo parágrafo deste artigo por entender que a regulación dos radiofármacos é competencia do estado	SERFA	NON ACEPTADA	Segundo inspección, esta competencia non está regulada. Só admiten unha pequena modificación no texto: "aplicables"
Artigo 64, Adquisición e dispensación	1	Suxiren unha modificación no número 1 para a indicar que os responsables da adquisición e dispensación son os radiofarmacéuticos que non as unidades de farmacia hospitalaria	SERFA	NON ACEPTADA	Segundo a lei de garantías no artigo 84.2 , é función dos servizos de farmacia hospitalaria garantir e asumir a responsabilidade técnica da adquisición,... y dispensación dos medicamentos precisos para as actividades intrahospitalarias

Artigo 65. Distribución e dispensación de medicamentos veterinarios	12	Engadir un parágrafo segundo ao punto 1 que diga que nos establecementos de dispensación de medicamentos veterinarios será indispensable para o seu funcionamento a presencia e actuación dun farmacéutico	COF OURENSE	NON ACEPTADA	Substitúese a redacción do artigo 65 do anteproxecto polo artigo 49 da lei 5/1999
		Engadir un punto 3 a este artigo, para que quede clara la preponderancia do criterio veterinario sobre a dose	CEVE		
		Modificar a redacción do numero 1	COV LUGO COV OURENSE COV PONTEVEDRA		
		Queren que sexan veterinarios os que se fagan cargo da dispensación dos seus medicamentos, establecer rexistros nos medicamentos que non precisan prescrición, etc.	7 particulares (8, 11		
		Inclusión dun número 3 para indicar que a dispensacion de medicamentos veterinarios pode realizarse en farmacias, entidades ou agrupacións gandeiras nas condicións estabiecidas	CONSELLERÍA MEDIO RURAL		
Artigo 68. Incompatibilidades	15	Excepcionar das incompatibilidades a docencia segundo o recollido na normativa vixente Flexibilizar o réxime de incompatibilidades para os adxuntos	COF CORUÑA COF LUGO COF OURENSE COF PONTEVEDRA ASGAFA FACULTADE FARMACIA FEFGA 8 particulares	ACEPTADA en parte	O tema da docencia e claro que debe de quedar fora. As incompatibilidades dos adxuntos merecen unha análise pormenorizada pero parece claro que deberan ser incompatibles todas aquelas segundas actividades que poidan interferir coa dispensación, ainda que non haxa incompatibilidade horaria. Eliminar 3 a) e 3 e)
Artigo 69. Publicidade e promoción dos medicamentos. Disposicións xerais	1	Mellora na redaccion	COF CORUÑA	ACEPTADA	Mellora na redacción
Artigo 71. Acción inspectora	1	Modificar a redaccion para incluir a competencia da Consellería de Medio Rural na inspección dos seus centros	CONSELLERÍA MEDIO RURAL	ACEPTADA	Modificase o texto
Artigo 72. Infraccions	12	Propoñen que na lei se especifiquen unicamente as infraccions relacionadas coa ordenación farmacéutica posto que orestо xa están na lei de garantías	COF CORUÑA COF LUGO COF OURENSE COF PONTEVEDRA FEFGA CEVE 4 particulares	ACEPTADA	Unicamente definiranse as infraccións que non estean contempladas no RD lexislativo 1/2015
		Suxiren que a non emisión do documento, nos casos de dispensacion de medicamentos veterinarios non suxeitos a prescrición veterinaria, recollendo os datos sinalados, debe considerarse una infracción grave	CEVE OURENSE	NON ACEPTADA	Non se acepta a recollida obrigatoria deses datos
		Engaden outras infraccións graves e moi graves		NON ACEPTADA	
		Modificar a redaccion do texto para ter en conta a Lei 8/2003, de sanidade animal	CONSELLERÍA MEDIO RURAL	NON ACEPTADA	Modificase o texto
Artigo 73. Sancións	4	Parécenlle moi elevadas (incluso propoñen outras cuantías)	COF OURENSE COF PONTEVEDRA 1 particular Asoc. Farmacéut. Rurais	ACEPTADA	Redúcense as contías e realízase unha revisión e reorganización das infraccións
Disposición final segunda	2	Indicando que a lei entre en vigor ao día seguinte	2 particular (6 e 7)	NON ACEPTADA	O prazo xeral para a entrada en vigor das normas é de 20 días, a non ser que se aprecien circunstancias excepcionais que xustifiquen a entrada con anterioridade, que non é o caso.
Afectando a todo o texto	1	Cambiar o termo "Oficina de farmacia " polo de "Farmacia comunitaria"	SEFAC	NON ACEPTADA	O termo "Oficina de farmacia" é aceptado por todos o que facilita a comprensión do texto por todos os axentes implicados
		Introducir na lei un artigo especifico sobre Servizos profesionais farmacéuticos, seguindo a liña do anteproxecto de lei de Madrid			Proponse para posterior desenvolvemento normativo